



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

**PLENO ORDINARIO**  
**5 de Setembro de 2024**

Lugar

**SALON DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**10:02**

Hora de Finalización

**10:23**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA

Secretario: MARÍA GONZÁLEZ RIVERO

Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

EMILIO FERNANDEZ PARADA

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ

### MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO (Escusa)

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ (Escusa)

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 18.08.2024 (ACTA 6/2024)

O Sr. Alcalde excusa a non asistencia á sesión da Tenente de Alcalde María del Mar Valle Álvarez, por atoparse de vacacións; e do concelleiro Daniel de Dios Manso, por motivos de traballo, ao atoparse de viaxe no estranxeiro.

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

### 2º. DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 06.06.2024.

A seguir, fíxose entrega aos concelleiros das convocatorias das Xuntas de Goberno Local celebradas dende a sesión **ordinaria** do Pleno de data **6 de xuño de 2024**, de acordo có seguinte:

#### ACTA 2024-10. Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2024:

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 28.05.2024 (**Acta 2024/9**)

2º. Certificación núm. 2, liquidación da obra de "Mellora das pistas deportivas de O Terrón", da orde do 21.03.2023 pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria de subvencións de carácter plurianual para a construción, reforma, reparación, adecuación ou





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

mellora de instalacións.

3º. Orde do 27 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (PR460D).

### **ACTA 2024-11. Xunta de Goberno Local do 12 de xuño de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 06.06.2024 (**Acta 2024/10**)

2º. Proxecto da obra chamada "Abastecemento, saneamento e pavimentación do entronque da Rúa Canceliña coa OU-113 en Nocedo do Val, acordos que procedan.

### **ACTA 2024-12. Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 12.06.2024 (**Acta 2024/11**)

2º. Certificación núm.1, liquidación da obra "Pavimentación na Rúa da Fonte, en Nocedo do Val", obra de subvención nominativa da Deputación Provincial de Ourense.

3º. Certificación núm. 1, liquidación da obra "Renovación de firme na Rúa Trascarreira, en Castrelo do Val", obra do Plan Cooperou 2024.

4º. Solicitude de actuacións no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024 - ampliación de crédito.

5º. Determinación do período voluntario de cobranza 2024 do imposto de vehículos de tracción mecánica; do imposto de actividades económicas; do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana, rústica e de características especiais; e da taxa polo servizo de recollida de lixo.

6º. Proxecto de organización, bases e tarifas da actividade chamada "Xogamos, rimos, igualamos, Verán 2024".

### **ACTA 2024-13. Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 26.06.2024 (**Acta 2024/12**)

2º. Conta xustificativa da actuación "Rehabilitación das fachadas do edificio de servizos das piscinas municipais! executada ao abeiro da resolución do instituto de estudos do territorio, do 11 de decembro de 2023 (DOG núm. 10, do 15/01/2024), de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia (MT402B).

### **ACTA 2024-14. Xunta de Goberno Local do 6 de agosto de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 05.07.2024 (**Acta 2024/13**)

2º. Conta xustificativa da actuación "Mellora da sinalización turística de benvida ao concello de Castrelo do Val", executada ao abeiro da resolución da Axencia de Turismo de Galicia, do 15 de febreiro de 2024 (DOG núm. 42 do 28/02/2024) de axudas para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas.

3º. Aprobación conta xustificativa do programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2024. Medida "Retribucións de persoal" - achega complementaria.

Os presentes quedan enterados.

**3º. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 06.06.2024.**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Acto seguido, fíxose entrega dunha relación certificada das resolucións da Alcaldía dictadas dende a derradeira da que se díu conta na sesión **ordinaria** do Pleno do **6 de xuño de 2024**, de acordo có seguinte:

75. ALTA PADRÓN HABITANTES, de data 05/06/2024.
76. APROBACION BASES SELECCION COORDINADOR E MONITORES PROGRAMA CONCILIACION VERAN 2024, de data 05/06/2024.
77. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 13/06/2024.
78. MODIFICACION LICENZA URBANÍSTICA BEATRIZ RIVERO GUERRA, de data 18/06/2024.
79. APROBACION PAGO NÓMINAS MES DE XUÑO E PAGAS EXTRAORDINARIAS, de data 18/06/2024.
80. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACION EMPRESAS, de data 25/06/2024.
81. CONTRATACION PERSOAL PROGRAMA CONCILIACION VERAN 2024, de data 25/06/2024.
82. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACION EMPRESAS OBRA PAVIMENTACION EN PEPIN, de data 25/06/2024.
83. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACION EMPRESAS OBRA REFORMA E AMPLIACION DE PARQUE INFANTIL EN NOCEDO DO VAL, de data 26/06/2024.
84. ALTA PADRÓN HABITANTES, de data 27/06/2024.
85. ALTA PADRÓN HABITANTES, de data 01/07/2024.
86. ADHESION Á CENTRAL DE CONTRATACION DA FEGAMP, de data 04/07/2024.
87. APROBACION PAGO FACTURAS E FINIQUITOS, de data 04/07/2024.
88. ALTA PADRÓN HABITANTES, de data 09/07/2024.
89. RECOÑECEMENTO SEXTO TRIENIO AUXILIAR ADMINISTRATIVO, de data 09/07/2024.
90. ADXUDICACION OBRA PAVIMENTACION EN PEPIN, de data 09/07/2024.
91. ALTA PADRON HABITANTES, de data 10/07/2024.
92. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 11/07/2024.
93. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACION EMPRESAS OBRA MELLORA REDE DE PLUVIAIS DE CASTRELO DO VAL, de data 11/07/2024.
94. APROBACION PAGO NÓMINA E FACTURAS, de data 16/07/2024.
95. ADXUDICACION CONTRATO OBRA MELLORA REDE PLUVIAIS DE CASTRELO DO VAL, de data 19/07/2024.
96. ADMITIDOS E EXCLUIDOS CONTRATACION APROL RURAL 2024, de data 29/07/2024.
97. APROBACION PAGO NÓMINAS MES DE XULLO, de data 30/07/2024.
98. LICENZA UBANISTICA DE REAGRUPAMENTO DE PARCELAS EN CASTRELO DO VAL, de data





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

30/07/2024.

99. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACION EMPRESAS OBRA EQUIPAMENTO NA CASA CONSISTORIAL, de data 31/07/2024.

100. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 31/07/2024.

101. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACION EMPRESAS OBRA ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO EN NOCEDO DO VAL, de data 31/07/2024.

102. ADXUDICACION CONTRATO OBRA AUDITORIA DE ABASTECIMIENTO, de data 31/07/2024.

103. ADXUDICACION CONTRATO OBRA AUDITORIA DE SANEAMENTO, de data 31/07/2024.

104. ALTA PADRON HABITANTES, de data 02/08/2024.

105. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 02/08/2024.

106. CONTRATACION AMPLIACION PEON FORESTAL APROL RURAL 2024, de data 05/08/2024.

107. ADXUDICACION CONTRATO OBRA ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO EN NOCEDO DO VAL, de data 05/08/2024.

108. ADXUDICACION CONTRATO OBRA EQUIPAMENTO CASA CONSISTORIAL, de data 05/08/2024.

109. TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVALÍA, de data 06/08/2024.

110. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 06/08/2024.

111. ADXUDICACION CONTRATO OBRA DOBRE REGA ASFALTICA EN FONTEFRÍA, de data 16/08/2024.

112. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 19/08/2024.

113. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACION EMPRESAS OBRA MELLORA CAMIÑOS (PLAN MARCO 2024), de data 19/08/2024.

114. ALTA PADRÓN HABITANTES, de data 22/08/2024.

115. ADXUDICACION CONTRATO OBRA MELLORA CAMIÑOS (PLAN MARCO 2024), de data 23/08/2024.

116. APROBACION PAGO NOMINAS MES DE AGOSTO, de data 29/08/2024.

117. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 30/08/2024.

Os presentes quedan enterados.

\*\*\*\*\*

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ou grupo, por razóns de urxencia, desexa o tratamento dalgún asunto non incluído na orde do día que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

A concelleira María Carmen Manso Rodríguez (**PP**) fai uso desta facultade, para manifestar que o seu Grupo ten unha moción sobre o canon de SOGAMA, que quere tratar por urxencia,

O motivo da urxencia -explica- é que non hai outra sesión plenaria para tratar esta moción, porque SOGAMA vai empezar a cobrar o novo canon

Seguidamente da lectura ao texto da moción.

Intervén o Sr. Alcalde que propón deixar a moción para o seu tratamento no próximo pleno extraordinario, por estar o secretario titular de vacacións e, tamén, porque considera que ao Grupo de goberno convenlle estudar a proposta, xa que ao mellor fan algún tipo de enmenda de substitución á mesma; comprometéndose en todo caso a que no vindeiro pleno que se celebrará a finais do mes de setembro, trala incorporación do secretario, a revisión do orzamento e convocar un pleno no que incluírase a moción como asunto na orde do día.

Sométese a votación á apreciación da urxencia e o Pleno, por dous votos a favor (**PP**), tres en contra (**PSdeG-PSOE**) e ningunha abstención, non aprecia a urxencia; polo que o asunto non pasa a ser tratado en pleno.

### 4º. ROGOS E PREGUNTAS

Formuláronse os seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**):

- Sr. Alcalde: ¿Pode explicarnos en que consiste a obra de mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val?

O Sr. Alcalde resposta que se trata dunha actuación na Rúa Poulón, indo cara a Ecoagro, que consiste na canalización e recheo da cuneta para nun futuro poder ensanchar a vía; e noutra actuación de canalización na zona da Igrexa, de onde se fixo a última pavimentación ata por encima da casa do Silva, có fin de facer unha arqueta e non entupir os sumidouros coas follas dos carballos; que consistiría en facer as pluviais e a pavimentación.

Son actuacións enmarcadas nun proxecto con subvención do Fondo de Compensación Ambiental, que ten un orzamento aproximado de 39.000,00 euros.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**):pregunta entón se a saída de pluviais da Ribeira, xunto ao Pozo, non se vai tocar.

O Sr. Alcalde resposta que aquelas pluviais xa están feitas

- Sr. Alcalde: Estas fincas que se ven ao lado do concello que se adecentaron como aparcamento ¿existe algún acordo, algunha compra?

O Sr. Alcalde resposta que existe un acordo asinado cós propietarios, polo que o concello se compromete ao pago do IBI das citadas parcelas, o mesmo que na parcela onde se recolocaron os contenedores, na Rúa do Paseo.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- Sr. Alcalde: Queremos saber a situación actual en que se se encontra o velorio de Monteveloso, xa que nunha sesión anterior vostede dixo que ese local non contaba cun sistema de cloración de auga, o cal era obrigatorio e por eso se daba conta do cese da actividade nese velorio; pero estes días, e por petición dalgúns veciños de Monteveloso, chamamos a Sanidade e o que nos dicen sobre ese velorio é que foi clausurado polo concello no ano 2022 e que no 2023 tentaron facer a inspección rutinaria e seguía pechado; que o que eles teñen recollido é un problema de presenza de plomo e de níquel na auga.

O Sr. Alcalde resposta que efectivamente os velorios de Montevelosos e Fontefría están pechados, como xa se deu conta. Que o de Monteveloso en concreto, primeiro, que non ten clorador homologado como tal, nin sequera tratan a auga, que é do pueblo; e que iso conlevaría a constitución dunha comunidade de usuarios de auga, analíticas; ou ben municipalizalo, que son trámites que non son sinxelos e que fan inviable a actividade no velorio, posto que a propia acta da inspectora de Sanidade recolle a presenza de chumbo e de níquel nunha cantidade superior á permitida, polo que a auga non cumpre cós parámetros establecidos na lei.

O concello, tal e como indica Sanidadee, encargou a Aquaourense unha contraanálise na que os resultados tampoco cumpren có establecido na lei, xa que a mostra da un resultado de níquel superior ao valor establecido no Decreto, polo que ó non cumprir, ponse en coñecemento de Sanidade, que ordea pechar o velorio mentres non cumpla coas condicións esixidas na normativa mortuoria.

A todo isto, pódesele sumar a situación, xa non só sanitaria, senón tamén estética do propio local, que se fostes algunha vez, vendes que ten problemas de humidades, etc.

No seu momento, por petición dos veciños, e como había subvencións para adecualos, decidíuse tramitar a adaptación do local como velorio, pero é verdade que a normativa mortuoria esixe cumprir con certos requisitos de tipo sanitario que non son viables nese local, cousa que as propias funerarias tamén recoñecen.

Por iso que, o motivo da clausura do velorio de Monteveloso, non é outro que o incumprimento da normativa sanitaria mortuoria, como ben se lle explicou xa aos veciños e como se recolle na propia acta de Sanidade, non pode estar aberto cando non cumpre coas inspeccións sanitarias.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

